



Máis info en www.iem.gal



Premio de Poesía Victoriano Taibo 2026



CONCELLO DE GONDOMAR



EDITORIAL GALAXIA

The Suspect 125
"We can overlook it once in a while," snorted Aunt Gertrude. "If you encourage them in com-
miserable hours of the night. Goodness, what mischief they were up to." She
glared at them.
Joe realized that their aunt was where they had been the past two weeks, using this roundabout way of
implying them into an explanation. Joe expressed it later, they "re-
alized" they hastily consumed their breakfast from the good lady a lecture on
the awful consequences of eating in a hurry, illustrated by an anecdote concerning a little
boy named Hector, who met a lamentable and untimely death by choking himself on a piece
of steak and passed away surrounded by weeping relatives.
The boys, however, were evidently not impressed by the fate of the unfortunate Hector,
for they gulped down their meal, snatched up their books, and rushed off to school without
waiting for Aunt Gertrude's account of the funeral. They were crossing the school yard
when the bell rang and they reached the classroom just in time.

gas tank's empty. What are you going to do about it?"
"Tony calmly handed over the can of gasoline from his own boat."
"This should help," he remarked. "I always keep some spare gas on hand."
The Hardy boys poured the reserve supply of gasoline into the tank, and in a few minutes the engine was pounding away.
Then, side by side, the two motorboats turned about and put back for Bayport.

XVII Premio de poesía Victoriano Taibo 2026

O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), co patrocinio do Concello de Gondomar e a colaboración da Editorial Galaxia na edición da obra premiada, convoca o XVII Premio de Poesía Victoriano Taibo.

O galardón está dotado con 3.000 euros. Ademais, a persoa gañadora poderá percibir ata 1.000 euros adicionais se, de forma voluntaria e non excluínate, acepta impartir un curso de poesía entre os meses de xaneiro e marzo de 2027, con anterioridade ao acto de entrega do premio, que terá lugar arredor do 22 de abril de 2027.

A persoa gañadora recibirá tamén unha escultura conmemorativa realizada por Fino Lorenzo, quen a doa desinteresadamente.

O premio rexeráse polas seguintes:

BASES

1. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, non poderán ser adaptacións nin estar premiados noutro certame no momento da decisión do xurado. Estarán escritos en lingua galega, de acordo coas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003).

2. Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 400 versos con unidade temática, non podendo superar as 250 páxinas.



3. Os traballos presentaranse con letra de corpo 12 a través do Formulario de Participación, ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón:



<https://form.jotform.com/iem20002026/PremioVictorianoTaibo>

Nese formulario indicárase o título co que se presenta a obra e pseudónimo escollido pola autora ou autor. Tamén se cargará un arquivo coa obra en formato PDF.

O arquivo en PDF non poderá conter datos ou metadatos que identifiquen a súa autoría real.

Enviarase tamén unha copia en papel, con letra de corpo 12 nun sobre pechado identificado polo pseudónimo e o título indicados no formulario. Así mesmo, dentro deste sobre, xunto co traballo, incluírase outro sobre pechado identificado co devandito título que conterá os datos persoais (nome, apelidos, copia de DNI, teléfono de contacto e enderezo electrónico).

O xurado só abrirá este último sobre no caso de que o traballo resulte premiado.

Os traballos deberán remitirse por correo postal ao seguinte enderezo:
XVII Premio de Poesía Victoriano Taibo
Instituto de Estudos Miñoráns
Apartado de Correos nº 30
36380 Gondomar (Pontevedra)



CONCELLO DE
GONDOMAR



4. O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 30 de setembro de 2026.

5. Os traballos presentados non serán devoltos e destruíranse tras o fallo do premio.

6. O xurado estará constituído por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.

7. A obra premiada será publicada pola Editorial Galaxia na súa colección Dombate e non xerará dereitos de autor durante os primeiros 1.000 exemplares editados.

8. O premio outorgado será único e indivisible. O xurado poderá declaralo deserto se estima que a calidade das obras presentadas así o aconsella.

9. A organización poderá ofrecer á persoa gañadora a impartición dun obradoiro presencial de poesía en Gondomar entre os meses de xaneiro e marzo de 2027. A aceptación desta proposta será totalmente voluntaria e, de ser aceptada, estará remunerada con 1.000 euros. A renuncia a impartir o obradoiro non afectará en ningún caso á concesión nin á percepción íntegra do premio.

O obradoiro terá unha duración de 18 horas e non suporá compensación adicional por gastos de ningún tipo á parte do importe en metálico do premio. O obradoiro poderá facerse de forma telemática no caso de que a persoa gañadora resida fóra de Galicia, feito que deberá acreditarse debidamente. A persoa gañadora tamén se compromete sen custo a formar parte do xurado na seguinte edición do premio en caso de ser solicitado pola organización.

10. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.



11. O feito de participar supón a aceptación destas bases.

O Premio de poesía Victoriano Taibo reconeceu até o de agora as obras das seguintes escritoras e escritores:

- 2008: Carlos Negro con Cultivos Transxénicos.
- 2009: M^a Carmen Caramés con Cuarto Minguante e Elvira Riveiro e Silvia Penas con Biografía da Multitude.
- 2010: M^a Goretti Fariña con Devastacións dispoñibles.
- 2011: Calros Solla con Holocausto Zaoe.
- 2012: Conchita Álvarez Lebrede con Distancias e Simetrías.
- 2013: Ramón Sandoval con Territorios Estraños
- 2014: Lara Rozados con O caderno amarelo.
- 2015: Iñaki Varela con Do outro lado das portas.
- 2016: Xosé Iglesias con A relixión do mar.
- 2017: Rafa Vilar con Erosións.
- 2018: Laura Cuba con A situación actual.
- 2019: Fran Fernández Davila con Mover os Marcos.
- 2021: Arancha Nogueira con Antese.
- 2022: Javier Rodríguez González con Xeración Breve tratado de males inespecíficos.
- 2023: María Álvarez Martínez con Dakota.
- 2024: Antón Blanco Casás con Bosque.

O IEM, o Concello de Gondomar e a Editorial Galaxia queren, a través deste premio, enxalzar a figura de Victoriano Taibo, escritor e mestre na parroquia de Morgadáns, e contribuír ao crecemento da literatura na nosa lingua, convertendo Gondomar e este premio nunha cita imprescindible para as Letras Galegas.

